



Comités Abertos de Escola e Facultade
www.comitesabertos.org | nacional@comitesabertos.org

Casa Simeón, Rúa das Casas Reais n.8 / 15782, Santiago de Compostela
T 981 563 100 / 12870

POSICIONAMENTO DOS CAF-CAEF SOBRE O NOVO ESPAZO EUROPEU DE EDUCACIÓN SUPERIOR E AS SUAS PREVISÍBEIS CONSECUÊNCIAS PARA O SISTEMA UNIVERSITÁRIO GALEGO

Unha vez que xa ficou definido, através das declaracións de Boloña e Praga, o futuro Espazo Europeo de Educación Superior e tracexado o camiño a seguir polo Estado español no tocante á adaptación dos seus sistemas universitarios á nova realidade europea, através do Documento-Marco de Febreiro de 2003, dos proxectos de RD presentados polo MEC o 4 de Xuño pasado e dos Reais-Decretos xa aprobados polo Goberno español no referente ao sistema de novos créditos europeos ECTS e do novo Suplemento Europeo ao Título, os Comités Abertos de Escola e Facultade (CAF) cremos atoparmo-nos xa en disposición de emitir unha valoración global a respecto dos cambios que de aquí a uns poucos anos se han operar nas estruturas universitarias actuais e, de ser o caso, presentar as nosas alternativas.

A criazón do Espazo Europeo de Educación Superior (en adiante, EEES) inserta-se á perfeición na filosofía defendida pola UE desde os seus comezos da necesidade dunha maior aproximación entre o ensino e as necesidades e intereses do mundo empresarial. Por activa ou por pasiva, desde as instancias europeas entendeu-se sempre o ensino como unha mercadoría máis, como un sector de negocio e, no caso do superior, como un agasallo para unhas poucas e poucos elixidos pola súa extracción sócioeconómica.

A Unión Europea segue hoxe sen chistar o vieiro tracexado polo proceso de globalización neoliberal que padecemos a escala mundial, seguindo cegamente as suas receitas de “défice cero” e redución de gasto nos servizos públicos. Nos estados europeos asiste-se ao desmantelamento do até o momento coñecido como “Estado do Ben-estar” e a un proceso de privatizacións xeneralizado ao que non é alleo o ensino.

O novo marco universitário europeo “comun” acordado na reunión de Boloña enmarca-se, pois, neste contexto globalizador e privatizador e supón a adaptación ao máximo do ensino universitário ás necesidades e intereses das empresas así como ás regras do “libre mercado”; non por casualidade, o modelo educativo que se toma como padrón desde o principio é o das universidades anglosaxonas, profundamente elitista e selectivo.

O Estado español converteu-se nun dos últimos en iniciar o proceso de adaptación ao novo EEES, o cal está previsto que fique completado en 2010, se ben tamén é dos que conta cunhas estruturas universitarias abertamente diferenciadas das de Boloña, polo que se prevén cambios de fondo calado e, nalguns casos, de imprevisíbeis consecuencias, sobretudo no que atinxe ao futuro de determinadas titulacións. Contodo, o goberno do Partido Popular decidiu-se nos últimos tres anos a facer

axiña os deberes de Boloña e iniciou unha funda “contra-reforma educativa” que significou a máis grave agresión contra a Universidade pública dos últimos anos. Deste xeito, a LOU e os seus desenvolvementos non vén a ser máis que o prelúdio da reforma universitária integral que suporá o EEES durante os próximos anos.

Se a adaptación ao novo EEES pode supor (e, de facto, suporá) unha maior privatización e elitización do ensino universitario, no caso do Sistema Universitario Galego as consecuencias poden aínda ser máis desoladoras pola nosa condición de nación colonizada e dependente e pola situación periférica das nosas tres universidades. Sería preciso, por unha parte, acometer un ambicioso proceso de modernización do noso sistema universitario que pulase polo seu desenvolvemento e garantise o seu futuro e competitividade e ter, por outra parte, un goberno propio comprometido co ensino superior disposto a defender os seus intereses e atender as súas necesidades. Mais hoxe, a Galiza non conta con esas dúas condicións indispensábeis para facer do seu sistema universitario un sistema competitivo, nen a nivel estatal nen europeo.

A “converxencia” e a “mobilidade” que anseia o marco educativo de Boloña só serían posibles nun hipotético cenario de igualdade entre estados e universidades que a día de hoxe está lonxe de se producir. Para unha nación periférica como a Galiza, a creación dun distrito único universitario no Estado significou unha profunda lea e a súa expansión agora ao conxunto de estados europeos asinantes do acordo de Boloña sitúa as nosas universidades nunha situación de desigualdade e desvantaxe evidente a respecto dos sistemas universitarios do centro económico do sistema entanto as nosas institucións académicas non están hoxe en condicións de competir en nada e con ninguén. Mobilidade estudantil é, no caso galego, sinónimo de emigración, xa que se producirá nunha única dirección: de dentro para fóra.

Así mesmo, un marco de mobilidade estudantil a nivel europeo resulta-lle moi negativo ao sistema universitario dunha nación, como é o caso da Galiza, cuxas señas de identidade non reciben na UE nengunha consideración: o futuro que lle espera ao noso idioma, por exemplo, no marco dunha Unión que nen sequer o ten como lingua oficial é, se callar, máis preocupante do que xa é o presente. Sen políticas lingüísticas comprometidas emanadas dos órganos das universidades e dos gobernos, o galego acabará desaparecendo irremediabelmente da cena universitária como lingua viva.

A adaptación ao novo EEES suporá para o estudiantado do futuro o acceso a un ensino máis elitista e selectivo onde as trabas e diferenzas estarán á orde do día. Por unha parte, atopamo-nos cunha primeira proba, a Reválida (oficialmente, Prueba General de Bachillerato), da que se terán de examinar aquelas e aqueles que rematen o Bacharelato para obter o título. Superada esta, as e os estudantes que quixeren acceder a estudos universitarios verán como cada universidade terá liberdade para establecer os criterios ou probas de selección que lle parecer conveniente, por exemplo para as carreiras máis demandadas. O feito de que haxa titulacións cuxo acceso estexa regulado e outras de libre acceso supón xa a existencia de carreiras e centros de primeira e de segunda clase. O feito de que as probas ou criterios podan ser diferentes segundo a carreira, centro ou universidade de que se tratar e cinxir-se a normas diferentes implica unha clara desigualdade de oportunidades no acceso.

Por se estes atrancos non fosen suficientes, o MEC abre a porta a máis cribas: lendo os proxectos de Real Decreto de Xuño de

2003 destinados a regular os futuros estudos universitarios, atopamos que ao final do 1º Ciclo (Grau) poderá establecer-se unha “proba” xeral sobre os coñecimentos adquiridos como condición para obter o correspondente título de Licenciada/o, Arquitecta/o ou Enxeñeira/o; proba que tamén se poderá establecer ao final do 2º Ciclo para a obtención do correspondente título de Máster. Atopamo-nos, pois, diante da posibilidade de apareceren dúas reválidas ou peneiras interciclos que só teñen a función de evitar que o alunado poda atinxir un título universitario superior. Frente a isto, os CAF non podemos máis que reafirmar a nosa convicción de que o ensino é un dereito universal cuxo acceso debe ser garantido a todas as persoas por igual, sendo o nivel universitario parte fundamental do mesmo aínda non tendo rango obrigatorio.

A selectividade académica non será a única que se multiplicará no futuro; tamén a económica, se cadra aínda máis gravosa, especialmente para as/os estudantes procedentes das familias con menos recursos económicos. E é que, dunha parte, a “converxencia” con Europa é enganosa no sentido de que os salários e o nivel de renda non son iguais en todos os estados da UE: se xa hai diferenzas entre o Estado español e outros estados europeos, peor é aínda o caso da Galiza, onde as traballadoras/es só cobran, polo xeral, o 60% da media do Estado segundo os últimos estudos. Apesar desta situación, as universidades españolas son, de entre as da UE, xunto ás gregas, onde o financiamento privado via-taxas de matrícula xoga un maior protagonismo.

O modelo de ensino superior acordado na reunión de Boloña, como xa se dixo, precisa dunha funda modernización das nosas universidades, da necesidade de harmonizar cos países do noso entorno o financiamento público destinado ao ensino universitario (a media europea é do 1’5% do PIB e a media estatal non chega ao 1’1%), as partidas orzamentarias destinadas ao fomento da investigación ou o gasto medio por estudante, duplicando, por exemplo, o número de bolsas e as súas cuantías. O maior protagonismo do ensino non presencial, das novas tecnoloxías, das tutorías... no novo modelo europeo require dun investimento público ambicioso que, hoxe por hoxe, o goberno español do Partido Popular non parece disposto a acometer á vista da súa política educativa. É, portanto, máis que previsíbel que as universidades se vexan obrigadas a optar polo camiño de novos aumentos selvaxes das taxas de matrícula e demais prezos públicos para financiaren todos os cambios que o EEES impón. Este posíbel aumento de taxas torna-se aínda máis preocupante no momento en que o actual sistema público de bolsas e axudas ao estudo corre o grave risco de ser substituído polo sistema de “créditos brandos”, exportado tamén do modelo universitario anglosaxón, o cal comeza xa a aparecer nos nosos cámpus e a adquirir maior protagonismo cada novo curso.

POSICIÓN CON RESPEITO Á NOVA ESTRUTURA DAS CARREIRAS

Baixo a aparición de seguir a desenvolver as disposicións da LOU (Lei Orgánica de Universidades), o goberno central do Partido Popular o que pretende é pór a andar unha auténtica reforma íntegra dos planos de estudo de todas as carreiras universitarias que se imparten no Estado español; o maior cambio vivido polas universidades nas últimas décadas que, ademais, o PP non terá nen que pasar polo Parlamento do Estado e poderá tirar adiante perfectamente por medio dun novo “decretazo”.

O primeiro a dicir con respecto ao proceso de adaptación ao EEES na propia estrutura das carreiras universitarias é o seu fondo carácter centralizador: o goberno central vale-se dos órganos centrais dependentes do MEC que no seu día criara a LOU (a ANECA e o Consello de Coordinación Universitaria) para controlar o cerne do proceso de cambios e homologacións, conver-

tendo as Comunidades Autónomas definitivamente en simples “oficinas burocráticas” cuxa única función sexa dar o “visto e prace” ao previamente aprobado en Madrid. Así mesmo, unha das grandes novidades será a creación dun Catálogo de Títulos oficiais único para todo o Estado, en substitución dos nosos actuais Mapas de Titulacións. Unha das primeiras consecuencias reais deste novo sistema de títulos será a asimilación e unificación de moitos dos títulos actuais e mesmo a desaparición dalguns de complexa reubicación. Tampouco é claro aínda o sistema de oferta de títulos de Postgrau nen a súa distribución territorial, máis a probabilidade de que non se vaian ofertar todos en todas as Comunidades Autónomas, e menos en todas as universidades.

A nova recentralización de competencias educativas en mans do MEC atinxe tamén a un outro aspecto moi relevante: o aumento da porcentaxe da troncalidade (até un 70%) e a redución da optatividade, así como a eliminación das materias de Libre Elección entanto materias computábeis; noutras palabras, as universidades terán aínda menos que dicir na elaboración dos Planos de Estudo e será o propio Goberno central non só quen estableza as “directrices xerais” de elaboración de Planos de Estudo, senón tamén quen fixe a maioría das materias. Perde-se unha valiosa oportunidade de aproximar máis os Planos á súa realidade social, económica, laboral e cultural máis próxima e pon-se perigosamente en cuestión o dereito elemental de toda/o estudante a elaborar o seu propio currículo.

Canto á nova estrutura das carreiras en dous ciclos, Grau e Postgrau, o primeiro de tres ou catro anos e o segundo de un ou dous, temos que alertar sobre a preocupante depreciación que se producirá dos títulos de Grau (Licenciada/o, Arquitecta/o, Enxeñeira/o) no mercado laboral e o difícil que lle será a estas tituladas/os o acceso a postos de traballo relacionados coas carreiras estudadas; unha situación que reconece sen reparos o MEC na documentación sobre a adaptación ao EEES apresentada até o de agora cando di que os estudos de Grau “proporcionarán coñecementos xerais” e serán os de Postgrau os que “proporcionarán unha formación científica e técnica superior”. A consecuencia evidente é a aparición de títulos de primeira e de segunda clase, ao tempo que se consegue que un 2º Ciclo teoricamente non obrigatorio se convirte na única saída para a incorporación ao mercado de traballo especializado en condicións dignas. Mais a intención de limitar o acceso a este verdadeiro “ensino superior” que vai ser o Postgrau e de elitizá-lo percebe-se máis claramente cando o MEC contempla unha oferta restrinxida de prazos e uns criterios de selección “que poderán fixar as propias universidades”. Aínda que estes máster fosen ter prezos públicos, condición elemental dado o disparatado do custo dos actuais, o sistema que se propón non garantiría o acceso universalizado aos mesmos.

Unha outra das consecuencias negativas que se perciben na nova estrutura dos estudos superiores é a incerteza en que se instala aquelas titulacións de tres anos (diplomaturas, enxeñarías técnicas, o caso de Arquitectura Técnica...) que non entran nos planos de Bolonia. A súa desaparición, así como a conversión definitiva das carreiras de plano vello, é unha realidade; mais pode converter-se tamén nun dos danos colaterais máis graves e nun dos cenários de conflito máis graves que se lle presentan ao MEC, que até o momento non quixo aclarar nada sobre o proceso de homologación dos títulos actuais aos europeos e só proporciona máis confusión. E é que no resto dos países da UE, os nosos títulos de 3 anos non teñen carácter universitario e equivalen ao que aquí coñecemos como Ciclo Formativo Superior. Para nós é moi grave que non se lle dé unha saída urxente

a un tema tan importante e que non se aclare canto antes o futuro destas titulacións, garantindo-se-lles a súa permanencia no ensino universitario mediante a súa conversión en títulos de licenciatura, enxeñaría ou arquitectura, ou ben buscando unha solución que a todos os sectores implicados en cada caso satisficera.

Non menos dúbidas e problemas encerra o novo sistema de créditos europeos ECTS: é de temer que a redución de horas de docencia e traballo presenciais que supón a nova distribución de créditos non sexa, na realidade, máis que unha excusa para reducir máis gasto público en equipamentos, infra-estrutura e contratación de máis profesorado (o Plano Estratégico da USC non contempla máis contratacións até 2015) e facer, desta forma, que as/os docentes podan dedicar máis horas a labores investigadores que irán repercutir en beneficio da empresa privada.

Non se explica no RD que regula o sistema ECTS cómo se medirán os créditos dedicados ao estudo por parte do alumnado, como tampouco se explican as condicións en que se desenvolverán as “prácticas externas” que en moitas carreiras computarán para a superación dos créditos das distintas materias. É de temer que novamente nos vexamos con prácticas convertidas en estafas, cuxa parte formativa é un verdadeiro engano, e estudantes sobre-esploradas/os laboralmente.

Os cantos de serea europeos anuncian-nos unha nova concepción do ensino universitario, cun tipo de estudo máis personalizado e co acento posto na aprendizaxe da/o estudante. Aínda que isto teña parte de verdade, o aumento do número de horas por crédito que implica o sistema ECTS antolla-se dificilmente compatible coa liberdade de estudo que se lle garante a todo o estudiantado e coa posibilidade de que unha persoa poda compatibilizar os seus estudos con labores profesionais ou outras ocupacións. Na nova Universidade ficarán excluídas aquelas/e estudantes que non o podan ser “a tempo completo”.

CONCLUSIÓNS

Como xa acontecera en procesos anteriores, o Espazo Europeo de Educación Superior xestou-se nas cocinas comunitarias sen diálogo nen consenso cos sectores implicados ou afectados polos cambios que habería de significar para o futuro das universidades. Resulta cómico que sexa agora, a partir da reunión de Graaz (Áustria), cando o esqueleto do novo espazo universitario europeo foi xa elaborado e benzoado hai tempo, cando se nos pida á comunidade universitaria (especialmente ao estudiantado) a nosa participación e colaboración no proceso.

O Goberno central do Partido Popular, na mesma liña que xa seguira ao elaborar, tramitar e aprobar a LOU, volveu desta volta ás andadas, excluindo do debate e do diálogo amplos sectores da comunidade universitaria, especialmente do estudiantado, e tramitando por decreto os cambios no sistema universitario, anunciando algúns deles en plena época de exames finais (Xuño do pasado ano) ou sen as aulas aínda iniciadas; todo para evitar a resposta do estudiantado na rua.